



# **BASES PARA O XXII CERTAME LITERARIO DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA**



---

**Vilalba, 1.996**

---

#### **PRIMEIRA.-**

Premio Excmo. Concello de Vilalba, dotado con 500.000 pesetas e diploma ó mellor traballo inédito de narrativa, en lingua galega.

#### **SEGUNDA.-**

Premio Excmo. Concello de Vilalba, dotado con 150.000 pesetas, diploma e flor natural ó mellor poema inédito escrito en lingua galega, de metro e tema libres.

#### **TERCEIRA.-**

Poderán concorrer tódolos autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

#### **CUARTA.-**

Os autores ou autoras gozarán de absoluta liberdade, tanto no tema coma na extensión dos traballos.

#### **QUINTA.-**

As obras en narrativa poderán ser indistintamente: novelas, contos ou relatos. Cada autor poderá presentar tantos traballos como dexese.

#### **SEXTA.-**

Os orixinais presentaranse mecanografiados a dobre espacio por unha soa cara, en papel tipo folio. Por cada obra enviaránse cinco copias.

#### **SEPTIMA.-**

Tódolos traballos han presentarse acompañados dun sobre pechado ou plica facendo consta-lo tema que distinga o traballo e a Base a que concorren. No interior figurarán os datos persoais, enderezo e teléfono do autor ou autora.

#### **OITAVA.-**

Tódolos traballos que concorran ó Certame Literario serán dirixidos ó Concello de Vilalba, facendo constar no exterior do sobre "Para o Certame Literario" e a Base á que concorren.

#### **NOVENA.-**

O prazo de admisión de traballos rematará ás 12 horas do día 15 de xullo de 1.996.

#### **DECIMA.-**

Polo feito de participar no Certáme, os autores aceptarán o dictáme do Xurado, que será inapelable. Este Xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias ás que se refiren as presentes Bases. A súa composición ha ser dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

#### **DECIMO PRIMEIRA.-**

O dictame do Xurado daráse a coñecer o día 25 de agosto de mil novecentos noventa e seis, a través dos distintos medios de comunicación. A entrega de premios efectuaráse nun magno acto que terá lugar en Vilalba o día 30 de agosto, coincidindo co comienzo das festas de San Ramón e Santa María de 1.996 e, de ser posible, asistirán os autores premiados ou persoa que os represente.